



MEMORIA XUSTIFICATIVA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O COLEXIO TERRITORIAL DE SECRETARIOS, INTERVENTORES E TESOUREIROS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE OURENSE

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas e de conformidade co previsto no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local. Dentro desta materia, ten atribuída a execución das competencias que, con respecto aos funcionarios con habilitación de carácter estatal, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra banda, segundo o disposto no Real Decreto 353/2011, do 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, os colexios oficiais que integran a dita organización son corporacións de dereito público, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins.

Entre as funcións dos Colexios Oficiais que integran a devandita organización colexial atópase o impulso, a través dos medios que procedan, do estudo do dereito e técnicas de administración que afecten aos profesionais colexiados, así como cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados.

Os devanditos colexiados, como persoal que ten reservada a prestación das funcións públicas cualificadas como necesarias nas Corporacións Locais, teñen particular interese en participar e colaborar no proceso de xestión e elaboración da normativa autonómica relativa á Administración Local.

O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Ourense para consecución dos seus intereses comúns. Neste ámbito, o Colexio está a desenvolver un conxunto de actividades no ámbito da administración local, que a Vicepresidencia e Consellería considera de interese xa que redunda en beneficio da mellora do funcionamento da Administración local galega.

Nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2016 consignouse a cantidade de 15.000 € na aplicación orzamentaria 05.23.141A.481.2 (ICódigo proxecto 2015 00098) como gasto destinado á colaboración entre a Xunta de Galicia e os catro Colexios de Secretarios Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Comunidade Autónoma.

A distribución do crédito disponible entre os catro Colexios existentes realizouse con base no número de colexiados dos mesmos, de conformidade cos certificados emitidos polos respectivos secretarios dos Cosital da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra sobre o número de colexiados de cada un deles en data 01.01.2016:





COSITAL	Nº persoas colexiadas	%	Importe subvención
A Coruña	206	46	6.900 €
Lugo	57	13	1.950 €
Ourense	67	15	2.250 €
Pontevedra	117	26	3.900 €
TOTAIS	447	100	15.000 €

Polo tanto, a achega en favor do dito Colexio foi da cantidade máxima de dous mil douscentos cincuenta euros (2.250 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.481.2 (ICódigo proxecto 2015 00098) , dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2016, que servirán para financiar os gastos correntes necesarios para o funcionamento desta organización colexial.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez (asinado dixitalmente á marxe)

